

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 15/06/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asistentes:

-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DE SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 15 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

O próximo día 12 de xullo de 2020 celébranse as Eleccións ao Parlamento de Galicia, sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 27 de febreiro de 2020, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 26 de febreiro de 2020.

O DOG de 19 de maio de 2020 publica o Decreto 72/2020, de 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia e establece que na Provincia de Pontevedra elíxense vinte e dous deputados. Unha vez celebradas as eleccións a cámara resultante se reunirá en sesión constitutiva o día 7 de agosto de 2020, ás 11 horas.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 10:15 do día 15/06/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da proposta relativa á celebración de sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia.

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

O DOG de 30 de maio de 2020 publica a resolución de 29 de maio de 2020, da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 29 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020.

No citado protocolo, entre outras cuestións, se establecen, medidas organizativas, medidas de protección individual e colectivas, condicións dos locais electorais, así como as seguintes recomendacións dirixidas ás persoas vulnerables:

Recoméndase que, a partir dos 65 anos, as persoas designadas no sorteo público presidente/a e vogais manifesten a súa renuncia no prazo de 7 días establecido polo artigo 26.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Así mesmo, recoméndase que as persoas designadas presidentes/as ou vogais que teñan algunha vulnerabilidade ao COVID-19, segundo as listaxes de patoloxías coñecidas que determinan esa vulnerabilidade, aleguen a existencia destas circunstancias, de forma xustificada e documentada, ante a xunta electoral competente, no prazo de 7 días establecido polo artigo 27.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Tendo en conta que estas eleccións autonómicas se celebran unha vez finalizado o estado de alarma, pero que foron convocadas en base ao disposto no Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, no que se establecía "que a vixencia do estado de alarma non suporá obstáculo ningún ao desenvolvemento e á realización das actuacións electorais precisas para o desenvolvemento das eleccións convocadas a parlamentos da CCAA, a vista do anterior, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓNS, polos/as funcionarios/as

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN: Por unanimidade de todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais asistentes á Comisión (PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos), infórmase favorablemente a aprobación da Proposta da Alcaldía relativa á celebración de sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia

A continuación realízase na sesión plenaria o sorteo pola funcionaria Dona M^a Carmen Cores Miguéns.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as asistentes ao Pleno (17 de 20)

ACÓRDASE: Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 54 mesas electorais, en total 486 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.